



Concello de
OURENSE



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E O CONCELLO DE OURENSE PARA A CELEBRACIÓN DO CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS

En Ourense , 21 de abril de 2017

Dunha parte, D. Jesús Vázquez Abad, maior de idade, con NIF 36.076.793-M, que intervén en nome e representación do CONCELLO DE OURENSE, a cal ten o seu enderezo en Praza Maior nº 1, 32005 Ourense, e NIF P3205500F. Faino na súa condición de alcalde de Ourense.

Doutra parte, D. Ramón Villares Paz maior de idade, con NIF 33805771A que intervén en nome e representación do CONSELLO DA CULTURA GALEGA, que ten o seu enderezo en Pazo de Raxoi, 15705 Santiago de Compostela e NIF Q6550003E . Faino na súa condición de presidente do CONSELLO DA CULTURA GALEGA.

Ambas partes recoñécense reciprocamente capacidade plena para outorgar o presente convenio e

EXPOÑEN

I. O CONCELLO DE OURENSE, ten como competencia propia; establecida no artigo 25.2 m) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, a promoción da cultura e equipamentos culturais, desenvolvendo ao longo de todo o ano, unha intensa actividade cultural e colaborando a través de diferentes vías cos colectivos da cidade, e con outras institucións para ampliar a oferta, diversificala e achegala á toda a cidadanía.

II. O CONSELLO DA CULTURA GALEGA é unha institución creada pola Lei do Parlamento de Galicia 8/1983, do 8 de xuño, que se configura como un órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego; que o



Concello de
OURENSE



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

integran representantes de entidades e personalidades destacadas dos diversos campos da cultura galega.

III. No presente ano 2017 o Día das Letras Galegas está dedicado ao escritor Carlos Casares, que mantivo ao longo da súa vida unha importante relación co cidade de Ourense, presente tamén na súa obra. De aí a relevancia de organizar este concerto na cidade de Ourense.

IV. Que O CONCELLO DE OURENSE e o CONSELLO DA CULTURA GALEGA consideraron conveniente establecer unha relación de colaboración para celebrar o Concerto das Letras Galegas, que organiza anualmente o CONSELLO DA CULTURA GALEGA e consistente, no ano 2017, nun concerto da Real Filharmonía de Galicia e o Coro Xove da Orquestra Sinfónica de Galicia, o 16 de maio de 2017, no Auditorio Municipal de Ourense, situado na Rúa da Canle nº 2, 32004 Ourense, para celebrar o Día das Letras Galegas.

V. Conforme ao exposto, ambas partes formalizan o presente convenio de colaboración, que se rexerá polo establecido nas seguintes

ESTIPULACIÓNS


PRIMEIRA.- O CONSELLO DA CULTURA GALEGA e o CONCELLO DE OURENSE colaborarán na celebración do Concerto das Letras Galegas referido no expositivo IV, conforme máis abaixo se detalla.

SEGUNDA.- A colaboración do CONSELLO DA CULTURA GALEGA consistirá en realizar as accións necesarias para a organización do Concerto das Letras Galegas, así como a difusión do mesmo.

TERCEIRA.- Pola súa banda, a colaboración do CONCELLO DE OURENSE consistirá en:

- 1.- Por a disposición do Consello da Cultura Galega o Auditorio Municipal da cidade para a realización do Concerto das Letras Galegas.
- 2.- Realizar as accións necesarias para que o Auditorio Municipal se atope en adecuadas condicións para o Concerto das Letras Galegas, coa dotación material e persoal que corresponda.
- 3.- A difusión do Concerto das Letras Galegas e do presente convenio.

CUARTA.- As partes acordarán conxuntamente a distribución das entradas e invitacións ao Concerto do Día das Letras Galegas, o cal será, en todo caso, de entrada libre e gratuíta.





Concello de
OURENSE



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

QUINTA.- Cada parte

Utilizará medios materiais propios ou alugados, e cada parte asumirá e conservará de forma exclusiva e inalterada todas as facultades de dirección, control, potestade disciplinaria, horarios, obrigas de Seguridade Social, pagos de salarios, de dietas, ou calquera outra remuneración con respecto dos traballadores que sexan destinados á execución dos compromisos que lle correspondan.

SEXTA.- Ambas partes, durante a vixencia do presente convenio, celebrarán reunións periódicas co fin de coordinar a realización do Concerto das Letras Galegas, reunións que terán lugar nos locais ou oficinas que ambas partes acorden e que se fixarán cando calquera das partes o considere necesario, previa convocatoria da parte interesada, no prazo máis breve posíbel.

SÉTIMA.- Cada unha das partes e o seu persoal son responsables da adopción e cumprimento de todas as disposicións en materia de prevención de riscos laborais establecidos na lexislación vixente en cada momento, sendo responsábeis da posta en práctica das mesmas, así como das consecuencias que se derivasen do seu incumprimento.

OITAVA.- Consentimento

As persoas que asinan o presente acordo manifestan o seu consentimento e autorización para que os seus datos persoais que contén o acordo, e o resto das especificacións, contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

NOVENA. Transparencia

No compromiso de la transparencia e publicidade de actuación da Xunta de Galicia, e segundo o disposto no artigo 15 de la Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia y bo goberno, o presente convenio será obxecto da publicidade prevista en dita lei y será tamén obxecto de publicidade a teor de lo disposto en el Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regulamento o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMA.- Vixencia

O prazo de vixencia do convenio será desde a súa sinatura ata o día en que rematen as accións obxecto do convenio e en ningún caso mais alá do 31 de decembro de 2017.



Concello de
OURENSE



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

DÉCIMO PRIMEIRA.-

O presente convenio terá natureza administrativa e os seus efectos rexeranse polo fixado nas cláusulas do mesmo e no seu defecto pola normativa legal que lle sexa de aplicación.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse na interpretación e cumprimento do presente convenio á xurisdición contencioso administrativa.

E en proba de conformidade con canto antecede, as partes afirmanse e ratifican no seu contido, asinándoo por duplicado exemplar a un só efecto, no lugar e data indicados.

POLO CONCELLO DE OURENSE

POLO CONSELLO DA CULTURA GALEGA



Jesús Vázquez Abad

Ramón Villares Paz